# Documento de axuda

## 00 | Introdución

Neste documento móstrase como proceder para confirmar a súa chegada ao centro de Rexistros.

## 01 | Chegada ao centro

Achéguese ao punto de información multimedia para proceder a interactuar con el e confirmar así a súa chegada ao centro.



# 02 | Identificación

Na parte superior dereita da pantalla atopará un botón de cor azul co texto “Identificación cita previa”. Prema sobre ese botón para proceder á identificación.




Premendo sobre o botón similar ao da imaxe poderá comezar o proceso de identificación



# 03 | Inserir o seu código

Logo de pulsar o botón, amosarase un teclado en pantalla onde deberá teclear o código que lle foi proporcionado no momento da solicitude de cita. Unha vez tecleado o código, debe pulsar sobre o botón “Aceptar”.



XUNTA DE GALICIA

## 04 | Cita validada

Unha vez se comprobe o seu código de cita mostraráselle un texto de confirmación indicando que a súa chegada foi validada. Diríxase á zona de espera ata que lle chamen.



## 05 | A cita non existe

Se por calquera motivo o código introducido non fose o correcto, mostrarase unha mensaxe descritiva na pantalla. Esta mensaxe aparece en dous casos:

- Se non ten vostede cita para ese día
- Se a cita que solicitou non é para o rexistro no que se atopa



# 06 | Cita validada anteriormente

No caso de que volva a confirmar o código novamente o punto de información indicaralle que xa está validado. Diríxase á zona de espera e será chamado/a.



## 07 | Cita validada anteriormente que está sendo atendida

Se volve confirmar o código no mesmo momento no que está sendo chamado/a, as pantallas mostrarán unha mensaxe indicándoo. Comprobe na pantalla da zona de espera cal é o posto de atención para o que se lle está chamando.



# 08 | Cita validada anteriormente e xa foi atendida

Se intenta confirmar o código unha vez que xa foi chamado/a e atendido/a, mostrarase a seguinte mensaxe (que tamén aparecerá se vostede xa validou a cita e ao ser chamado/a pola pantalla non accedeu ao posto porque estaba ausente).

